

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

QUEBRANOCES



XUNTA DE GALICIA

Prensa:
Agadic. Comunicación
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás s/n. 15707 Santiago de Compostela
Tel.: 881 996 073 / 881 996 092
Correo-e: prensa.agadic@xunta.es
www.agadic.info

Centro Coreográfico Galego
Complexo Deportivo de Elviña
Av. de Glasgow s/n. 15008 A Coruña
Tel: 981 134 946
Correo-e: actividades.ccg@xunta.es
www.centrocoreografico.org



QUEBRANOCES

ÍNDICE

Centro Coreográfico Galego.....	3
Quebranoces.....	4
Ficha artística... ..	6
Colectivos participantes.....	7
Xira.....	8
Imaxes.....	9

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Integrado na Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Centro Coreográfico Galego (CCG) é un espazo público de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza.

Entre os seus obxectivos están o apoio á creación artística, á investigación e á formación dos profesionais das artes do movemento. Persegue tamén a diversificación das súas iniciativas, tanto temática como xeograficamente, así como tender pontes entre proxectos e institucións afíns e contribuír ao encontro da danza con outras disciplinas artísticas. Na súa relación coa sociedade, o CCG desenvolve accións de sensibilización da cidadanía cara á danza, buscando posionala nun lugar preferente da vida cultural galega.

Desde a súa creación en 2006, o CCG levou a escena un espectáculo por temporada, de xeito que o *Quebranoces* é a súa sétima produción propia.



QUEBRANOCES

O Centro Coreográfico Galego asume por vez primeira desde a súa fundación unha produción de ballet clásico, e faino coa versión dunha das obras máis celebradas do patrimonio coreográfico universal: o *Quebranoces* de P. Tchaikovski e M. Petipa.

Nesta nova iniciativa, o CCG vai máis alá da mera exhibición para impulsar un proxecto integrador de danza e música que congrega no escenario distintos planos interpretativos tanto no exercicio coreográfico como nas execucións instrumental e coral.

Así, nun traballo participativo sen precedentes, reúnense nesta produción –ademais do núcleo artístico profesional do Centro Coreográfico– máis de 500 persoas procedentes de tres formacións orquestrais e corais e de 18 conservatorios e escolas de danza de toda Galicia. Desde nenos a partir de 6 anos ata experimentados instrumentistas comparten este espectáculo aberto a novas incorporacións artísticas e que, baixo a dirección de Mercedes Suárez e con Hervé Ilari como asistente e repetidor, está deseñado como ferramenta para a motivación dos alumnos de danza e para a captación de novos públicos.

O argumento

Quebranoces, adaptación de Alejandro Dumas sobre o conto orixinal de Hoffman, sitúase na celebración da festa de Nadal na casa da familia de Clara, que se enche de maxia cando recibe por sorpresa o agasallo dun quebranoces con forma de soldado que lle trae o seu padriño Drossenmeyer. A ledicia de Clara entúrbase cando o seu irmán, nun ataque de ciúmes, esnaquiza o xoguete.

Porén, durante a noite, a imaxinación da nena dá vida ao boneco que se converte en defensor diante dun exército de ratos, capitaneado polo seu rei e un amigo, co que ha vivir doces aventuras.

A forma

No aspecto formal, o *Quebranoces* co que o Centro Coreográfico Galego pecha 2012 achegará unha visión novedosa e moi especial dun dos ballets máis representados da historia –sobre todo na época do Nadal– mediante a incorporación en todos os seus elementos icónicos de símbolos e trazos relacionados co imaxinario galego máis recoñecible. Así, unha escenografía inspirada en ventás e galerías de cor branca, un vestiario que recorda ás míticas figuras de Sargadelos ou un exército de soldados cuxa indumentaria nos traslada aos personaxes máis populares do Entroido ourensán forman parte da posta en escena.

A danza

A versión do Centro Coreográfico Galego dá tanta liberdade á estética do espectáculo como imbúe de respecto rigoroso aos canons todo o tocante á interpretación, que leva a cabo dentro do máis puro estilo de ballet clásico.

Á fronte desta interpretación sitúanse cinco bailaríns profesionais: Ástrid Molinero, Ariel A. Caramés, Miguel A. Ponte, Ailen Ramos e María Amparo Alemany, que dan vida os case que 20 personaxes que interveñen co seu baile neste conto de fadas e que recrean as melodías máis recoñecibles da peza, desde a *Danza rusa* ata o *Vals das flores* ou a *Danza da Fada de Azucre*.

Xunto a eles, bailarán os nenos e nenas seleccionados para o proxecto durante o pasado ano nos distintos centros de danza de Galicia, cos que se realizaron grupos e quendas cara a súa intervención nas representacións que se leven a cabo nas localidades máis próximas ás súas de orixe.

No equipo artístico destaca tamén a colaboración de nomes como María Villas, reponsable dos deseños de escenografía e vestiario, Martín Camiña, autor dos efectos de maxia, ou Roberto Collantes e Isi Seoane na construción de bonecos.

FICHA ARTÍSTICA

Dirección

Mercedes Suárez

Bailaríns do Centro Coreográfico Galego

Ástrid Molinero

Ariel Gastón A. Caramés

Miguel Ángel Ponte

Ailen Ramos

María Amparo Alemany

Música

P. Tchaikovski

Coreografía

M. Petipa

Asistente de dirección e repetidor

Hervé Ilari

Repetidora infantil

Bárbara Monteagudo

Efectos de maxia

Martín Camiña

Deseño de escenografía e vestuario

María Villas

Deseño de luces

Alejandro López Barreiro

Realización de escenografía

Talleres do Centro Dramático Galego

Realización do vestuario

Xastrería do CCG e Santos Salgado

Realización dos bonecos

Roberto Collantes e Isi Seoane

Luces

Emsac

Deseño gráfico

Empatía Comunicación

Debuxos

Mercedes Fernández e Serea López

Fotografía

Manuel Lemos



COLECTIVOS PARTICIPANTES (*)

A CORUÑA

Conservatorio de Danza da Deputación Provincial da Coruña
Escola de Danza Danzade (A Coruña)
Escola de Danza Druída (A Coruña)
Escola de Danza Náyade (Ames)
Escola de Danza Cinderella (Arteixo)
Escola de Danza Jesús Quiroga/Asociación Mundo Danza (Ferrol)
Escola de Danza Matilde Pedreira (Ferrol)
Escola Municipal de Danza de Oleiros
Escola Municipal de Danza de Ponteceso
Escola de Danza Pilar Rey (Sada)
Ballet Estudio (Santiago de Compostela)
Escola de Danza San Clemente (Santiago de Compostela)

Orquestra Sinfónica de Galicia

LUGO

Conservatorio de Danza de Lugo

PONTEVEDRA

Escola de Danza Maite Quiñones (Cangas)
Escola de Danza Deborah (Pontevedra)
Escola de Danza Vaganova (Pontevedra)
Conservatorio de Música e Danza Mayeysis (Vigo)
Escola de Danza Esperanza Arrondo (Vigo)
Escola de Danza Hannelore (Vigo)
Escola de Danza Susana Castro (Vigo)
Escola de Danza Perla de Arousa (Vilagarcía de Arousa)

Orquestra Filarmónica Cidade de Pontevedra
Coro Infantil do Conservatorio de Música de Pontevedra

() O Centro Coreográfico Galego quiere agradecer a participación de todas as escolas e orquestras implicadas neste espectáculo e, en especial, a colaboración dos profesores e pais dos alumnos que bailan en cada unha das funcións programadas.*

FUNCIÓNs

22 de decembro de 2012 (ESTREA)

Vilagarcía de Arousa. Auditorio Municipal

20.30 h

27 de decembro de 2012

Narón. Pazo da Cultura

28 de decembro de 2012

Pontevedra. Pazo da Cultura

4 de xaneiro de 2013

Lugo. Auditorio Municipal Gustavo Freire

18 de xaneiro de 2013

Arteixo. Auditorio Municipal

Do 6 ao 9 de febreiro de 2013

A Coruña. Pazo da Ópera

16 de febreiro de 2013

Cangas. Auditorio Municipal

16 de marzo de 2013

Vigo. Auditorio do Mar de Vigo

IMAXES

Descarga de imaxes do proceso de creación e do espectáculo en:
www.centrocoreografico.org

Fotografías de Manuel Lemos





